

Cunqueiro e a viaxe infinita –claves para un mapa de camiños– *Cunqueiro and the Infinite Journey –Keys for a Road Map*

Armando Requeixo

(Universidade de Santiago de Compostela-CRPIH / arcuba@edu.xunta.gal)

Data de recepción: 29/04/2021 – Data de aceptación: 01/10/2021

Resumo: Neste artigo abórdase o concepto da «viaxe» na obra de Álvaro Cunqueiro. Determínase a importancia e presenza deste nas páxinas do mindoniense, non só como realidade referencial, senón tamén simbólica ou ontolóxica. Analízase o papel esencial da viaxe tanto na súa narrativa coma na poesía, igual no labor xornalístico ou teatral que nas guías de viaxe ou turísticas. Deféndese a definición da poética cunqueiriana coma un 'tránsito estático', un viaxar en moitos sentidos aparential que procura o regreso ao Paraíso e produce unha abolición ou suspensión do espazo-tempo.

Palabras chave: Álvaro Cunqueiro, viaxe, tránsito estático, Paraíso, Mondoñedo.

Sumario: 1. Limiar. 2. Viaxes aquí e acolá. 3. Das navegacións nordestinas ao ronsel do cometa. 4. Viaxeiro e cronista polos reinos da Terra. 5. Cos ollos ben abertos. 6. O tránsito estático: a nostalxia do Paraíso e a abolición do espazo-tempo. 7. Na cauda do cometa. Referencias bibliográficas

Abstract: This article focuses on the concept of 'journey' in Álvaro Cunqueiro's work. The importance and presence of it in the pages of the author from Mondoñedo are discussed, not only as a referential reality, but also as a symbolic and ontological one. The essential role journeys play both in his prose writing and in his poetry, in his journalistic writing, in his plays and in his travel or sightseeing guides, is discussed. The definition of Cunqueiro's poetics as a 'static transit', a travelling that is only an appearance in many respects that aspires to return to Paradise, and that produces the abolition or suspension of space-time.

Keywords: Álvaro Cunqueiro, journey, static transit, Paradise, Mondoñedo.

Contents: 1. Introduction. 2. Travel here and there. 3. From north-eastern navigations to the wake of the comet. 4. Traveller and chronicler of the kingdoms of the Earth. 5. With your eyes wide open. 6. Static transit: the nostalgia of Paradise and the abolition of space-time. 7. In the tail of the comet. Bibliographic references.

1. Limiar

Un dos esteos nos que asenta todo o prodixioso construto literario de Álvaro Cunqueiro é a decisiva importancia que neste alcanza o concepto da viaxe como realidade referencial, simbólica e ontolóxica.

A práctica totalidade da obra cunqueiriana é un inmenso mapa de peregrinaxes no que os personaxes deambulan nun pervegar incesante, indo de aquí para acolá fatigando camiños físicos ou ensoñados sen solución de continuidade.

As liñas que seguen pretenden ser apenas unhas nóttulas que chamen a atención sobre o tema e foron ideadas como un convite a cartografar un territorio no que haberá que continuar profundando.

2. Viaxes aquí e acolá

A escrita cunqueiriana é un precioso mecano estrutural. Lonxe da enganosa consideración da súa obra como unha improvisación onde a imaxinación rebordante o anega todo nun fluír magmático, o de Mondoñedo é un maxistral arquitecto da fabricación literaria. E unha das trabes mestras do admirable edificio da súa escrita é, precisamente, a do concepto da viaxe como realidade axial.

Para Cunqueiro a existencia non é senón unha andaina vital, un camiño que cómpre percorrer. Por iso na súa obra converxen deferentes tipos de viaxe que se complementan, se interfíren e retroalimentan: as viaxes internas e as externas, as ficcionais e as imaxinarias, mesmo as reais e as ultrarreais. Dunha ou doutra maneira o mindoniense ancora decote no principio fundante do *homo viator*, un topos que explica por que os seus personaxes sempre están en tránsito, van e veñen, traen contos de alleas terras ou levan recado para lonxincuos países, tanto ten, todo flúe, muda, reinvéntase. E outro tanto acontece coa ollada viaxeira que o autor deita sobre dos territorios por el visitados, recordados ou gabados, como se verá.

Á luz do anterior, o conxunto da produción cunqueiriana é susceptible dunha clasificación na que ben poderíamos distinguir tres grandes bloques: a) as viaxes ficcionais; b) as crónicas viaxeiras; c) as guías de viaxe e turísticas.

3. Das navegacións nordestinas ao ronsel do cometa

A pouco que un escale na obra do escritor ha detectar que, dende o primeiro momento, as viaxes, simbólicas ou reais, e, polo mesmo, os desprazamentos terrestres, marítimos ou doutro xorne están ben presentes. Como tamén o están os *limes*, os destinos e os procesos de iniciación, superación e aprendizaxe que tales viaxes producen nos heroes protagonistas.

Tales elementos comezan a ser perceptibles no primeiro libro do autor, *Mar ao norte* (1932), significativamente dividido en catro seccións que anuncian xa natureza de singradura poética do conxunto: «Porto», «Mar outa», «Illa» e «Terra adentro». Hai aquí, polo tanto, un traslado continuo de escenarios nos que vai recalando a voz lírica para comunicarnos o seu singular mundo creativo, unha fluencia continua que vai da beiramar e o océano á terra firme e mesmo á insular.

Mais será coa aparición do seu primeiro texto de Posguerra, *Merlín e familia* (1955), cando Cunqueiro afirme esta idea-forza da viaxe na súa escrita. Como teño escrito noutro lugar (Requeixo 2021), neste libro as historias que imos sabendo a través dos recordos de Felipe de Amancia teñen unha microestrutura-marco que figuraba decote paralelizada: ao Pazo de Miranda chegan viaxeiros de arredadas terras para se ver co sabio Merlín; en audiencia con este, expóñenlle o problema que os trae ata alí e, durante a súa estancia, en non poucas ocasións aproveitan para informalo dos avatares do mundo e/ou relatarlle, por súa vez, gorentosas historias; e, finalmente, Merlín obra as súas maxias, soluciona o problema que os levou ata Miranda e os viaxeiros inician o regreso ás súas nacións. Faise evidente, por tanto, a inequívoca natureza móbil de todo este universo en tránsito, no que o Pazo de Miranda se erixe na Ítaca máxica á que conducen todos os camiños e da que parten tamén todos os vieiros en inacabable peregrinación.

Esta vida *in itinere* faise igualmente patente noutros dous libros desa época: *As crónicas do sochantre* (1956) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961). No primeiro deles dáse a circunstancia, amais, de que a ficción da viaxe terreal se amalgama coa propia esencia da viaxe ultramundana, pois, como é ben sabido, o seu protagonista, o sochantre de Pointivy, Charles Anne Guenolé Mathieu de Crozon, atravesa Bretaña recrutado pola Santa Compañía. Non me ocuparei aquí do vínculo bretonófilo que esta viaxe declara nin da correspondencia entre a Bretaña xeográfica e a ficcional, pois xa o fixen noutra parte (Requeixo 2020), mais quero incidir agora no feito de que as dimensións deste e do outro mundo se transfundan precisamente nese tránsito ou viaxe do Aquén ao Alén que vai da man na aventura do sochantre, xa que forma parte da cosmovisión paradisiaca da *opera* cunqueiriana, como máis adiante tratarei de explicar.

Doutra banda, tamén en *Se o vello Sinbad volvese ás illas* (1961) conflúen as viaxes externas e internas. Sinbad vive aferrado aos seus soños, viaxa neles incansable, mais todo o que neles vive e quere transmitir á súa veciñanza de Bolanda é para esta inverosímil, descrén do seu relato, o que lle provoca gran

frustración e o anega na melancolía. E é precisamente nese punto no que toma a decisión de volver embarcarse, mais a navegación resulta un fracaso e, logo de ficar cego, ten que regresar a Bolanda. É a consumación da derrota do heroe e, polo mesmo, a morte psicofísica toda vez que os sonhos, as aventuras e a viaxe xa non son posibles, pois «todo regreso de Odiseo a Ítaca entraña necesariamente a súa morte» (Morán Fraga 2000: 26).

Evidentemente, todo o que funciona para a narrativa galega do autor ten o seu paralelo na escrita en lingua castelá. Deste xeito, tamén en *Las mocedades de Ulises* (1960) se nos relatan as aventuras e navegacións do heroe; en *Un hombre que se parecía a Orestes* (1968) quen chega á cidade –como no *Hamlet*– é un estranxeiro, é dicir, un viaxeiro; en *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca* (1972) relátansenos igualmente as fugas e campañas militares do protagonista; por fin, en *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* (1974) Paulos vai de aquí para acola e os seus propios sonhos son, no fondo, unha fuxida, a viaxe desesperada por seguir sendo fronte á caduca realidade.

A maior abundamento, cabe engadir que tamén na súa poesía da última hora a pegada viaxeira palpita na escolla dos temas e motivos, dos personaxes e das lembranzas. Unha simple ollada ao índice das composicións que conforman *Herba aquí ou acolá* (1980) confirma o que digo, pois alí pode atoparse o «Retorno de Ulises», as andainas orientais de «Unha canción foi prohibida no sur» ou «Os catro chefes da Casa de Gingiz», o camiñar dos mitos que son Danae e Paltiel Edipo e Dagha, sempre sen perder de vista que o importante é andar os camiños «Porque a terra é redonda», tanto os camiños do Aquén como os que nos conectan co Alén, eses que están «Na outra banda», na beira outra dende a que hai que advertir a «Ese alguén de meu que nunca volve».

Polo tanto, a ficción, que é perfectamente *real* en Cunqueiro, é viaxe porque este «pensou a súa vida no seu senso mítico de viaxe, a busca do ser» (García Devesa 2000: 355). Por iso na súa obra, amais das viaxes reais e imaxinarias, son viaxes tamén as revisitacións dos mitos cos desprazamentos e abolicións temporais nunha fluencia inacabable que tamén converte en viaxe a recursividade das historias que se contan dentro das historias e continúan nun ir e vir incesante (cfr. Morán Fraga 2000: 20).

4. Viaxeiro e cronista polos reinos da Terra

Tense dito moitas veces e en moitos lugares que á hora de abordar a análise da obra cunqueiriana a distinción dos xéneros literarios amosa escasa funcionalidade. A súa escrita, mestiza por definición, entremestura os xéneros, híbridos con insercións múltiples, transfunde as fórmulas e amalgama os trazos definitorios ata tal punto que se fai imposible percibir os límites.

E se isto é así no formal, nos asuntos e temas tratados, nos motivos e referencias empregados hai tal multiplicación especular que os personaxes, as historias, as anécdotas, as localizacións e mesmo as citas de autoridade van da poesía á narrativa e destas ao teatro e á literatura xornalística e viceversa, todo nun inmenso mapa de túneles subterráneos que interconectan a súa escrita labiríntica, calidoscópica e canibalizada.

O anterior explica a xenuína escrita nos periódicos de Cunqueiro en xeral e, en particular, o que ás crónicas viaxeiras ou de lugares se refire. Porque ao autor, hai que dicilo xa, o periodismo literario serviulle como un xeito de extralimitarse no sentido máis literal do termo; isto é, de botarse fóra dos límites que a propia narración ou poesía (máis ou menos convencionais) lle impoñían. Dito doutro modo: a Cunqueiro os artigos permítenlle «unha extensión xeográfica maior, xa que non está ‘limitado’, por así dicilo, a unha área que percorre Ulises ou Sinbad ou o Sochantre, por exemplo» (García Devesa 2000: 355).

Se un frecuenta a obra xornalística do autor ben pronto descobre a descomunal cantidade de textos sobre viaxes que neles hai. Non esquezamos que para o escritor a vida debe entenderse como viaxe e son as viaxes, como proxeccións míticas da vida, as que dan a razón de ser da auténtica existencia, da nosa procura. Por iso son tantas as culturas e civilizacións, os lugares e cidades dos que Cunqueiro se ocupa. Tanto ten que os visitase por el mesmo coma que os coñecese por lecturas, igual que soubese deles por referencias de terceiros que que os soñase ou inventase directamente. Sempre a viaxe e os viaxeiros, os arredados e fascinantes reinos da Terra foron a súa (pre)ocupación.

E como para Cunqueiro viaxar é un acto espiritual, nas súas crónicas viaxeiras (reais, imaxinarias, librescas ou todo xunto) comparecen as lembranzas e as sensacións producidas polo lugar visitado ou evocado e deixa voar a imaxinación para que esta divague sobre ese espazo ou para que traia ao texto as percepcións que outros viaxeiros tiveron sobre este.

O Oriente Medio, a irmandade céltica, o mundo grecolatino e a Italia renacentista son, talvez, os territorios máis frecuentados polo viaxeiro Cunqueiro. E disto dan fe os moitos libros que, publicados en vida do autor ou como compilacións tras o seu pasamento, recollen toda esta pléiade de viaxes.

Aínda que tamén poden atoparse noutras obras, son, dende o propio título, ben explícitas respecto desta natureza viaxeira as antoloxías de artigos publicadas por Tusquets nos anos oitenta: *Fábulas y leyendas de la mar* (preparada por Néstor Luján en 1982) e mais *Viajes imaginarios y reales* (1986), *Los otros caminos* (1988) e *El pasajero en Galicia* (1989, as tres dispostas por César Antonio Molina). Tamén habería que sumar a esta listaxe recolleitas como *Encuentros, caminos y noticias en el Reino de la Tierra* (publicada polo Grupo El Correo Gallego en 1992 con prólogo de César Cunqueiro en 1992); *Por el Camino de las peregrinaciones* (aparecida no 2004 na editorial Alba en edición de Francisco Singul); *Viajes y yantares por Galicia* (prologada para Alvarellos por Anxo Tarrío no 2005) e mais *Viaje a Lugo* (editada por María Xesús Nogueira no 2011 tamén para Alvarellos).

5. Cos ollos ben abertos

Cunqueiro foi, a non dubidalo, un gran viaxeiro. E isto non só no sentido máis creativo ou simbólico, senón no máis literal. Certamente, non foron poucos os países que visitou (estivo por Francia, Reino Unido, Dinamarca, Portugal, Bélxica, Italia, Arxentina ou Venezuela) e, amais, viviu noutros lugares do estado español como o País Vasco (por pouco tempo) e, sobre todo, Madrid (onde residiu varios anos), frecuentando tamén Cataluña e, mais ocasionalmente, outros lugares. Agora ben, o que tamén é certo é que andou Galicia de norte a sur, de leste a oeste e ben poucos lugares lle houberon de quedar por coñecer.

Preguntado nunha entrevista por sobre se lle gustaban as viaxes e que era para un escritor viaxar, Cunqueiro respondeu: «Ver mundo y, con los ojos bien abiertos, conocer de cerca cosas nuevas. Sí, me gusta viajar, por lo mismo que me gusta acercarme a las personas y a las cosas» (Santidrián 1969).

Alguns anos máis tarde, nunha autobiografía confesou: «Gústame moito viaxar. América, case toda Europa, conferencias desde os habitantes da Lúa ás viaxes de Ulises» (Ledo Andión 1982: 6). Era, en apertada síntese, a súa vindicación da viaxe como esencia última da súa biopoética.

Ao longo da súa prolífica vida como escritor tivo tempo a materializar esta paixón viaxeira en bastantes ocasións e son varias as guías de viaxe ou turísticas que chegou a publicar. En parte, como digo, pola súa vocación peregrina e, tamén si, porque eran encargos editoriais frecuentes e, amais, moi ben pagas, o que nun autor coma el, que foi vivindo como puido do oficio, resultaba un importante estímulo para poñerse ás teclas da máquina de escribir.

Son textos desta natureza *Vigo. Puerta del Atlántico* (publicado polo Concello de Vigo en 1957); *La Coruña. Lugo. Orense. Pontevedra. Santiago de Compostela* (editado por Publicaciones Españolas en 1962); *El Camino de Santiago* (edición trilingüe galego-castelán-francesa tirada dos talleres do *Faro de Vigo* en 1956); a batería de textos que preparou para as emblemáticas guías da leonesa Editorial Everest, entre os que se contan *Lugo* (1968), *Pontevedra. Rías Bajas* (1969), *Vigo y su ría* (1971) e *Rías Bajas Gallegas* (1975); e un dos últimos volumes do autor, aparecido en Destino en dobre versión, galega co título *Ollar Galicia* (1981) e castelá co de *Ver Galicia* (1981).

E consigno con agrado estes títulos aquí, non só porque son un acabado exemplo da importancia que a viaxe adquire na obra do creador, senón tamén porque, con máis frecuencia do que sería desexable, adoitan esquecerse estes libros á hora de presentar o conxunto da súa produción por analistas e investigadores, como se se tratase de obras menores, fillas bastardas do xenio cunqueiriano que as tería profillado nas silveiras autorais e, polo mesmo, fosen literariamente menos cumpridas, cando o certo é que non é preciso máis que abrir calquera delas e ler algúns parágrafos para confirmar que espella nestas a mesma ambición estética que caracteriza o resto da súa escrita.

6. O tránsito estático: a nostalxia do Paraíso e a abolición do espazo-tempo

Un dos elementos definitorios da poética cunqueiriana é o singular tratamento das coordenadas espazo-temporais. En realidade, se un se detén a analizar en profundidade o tecido construtivo co que o escritor cose as escenografías e cronoloxías das súas ficcións acaba por comprender que tanto teñen as localizacións ou ambientacións epocais que este escolla, porque todas elas, dalgunha maneira, ocultan ou remiten a un tempo mítico de imposible concreción real instalado no anacronismo por definición e tamén a un espazo abstraído que apunta sempre ás súas orixes mindonienses.

Hai, xa que logo, unha abolición da temporalidade definida e da localización de correspondencia; é dicir, todo é nun non-tempo e un non-lugar; ou, se se prefire, en lugares e épocas que son todos e ningunha, pois están tan desdebuxados, son tan inconcretos e abranguentes que conseguen a imposible alquimia de resultarnos próximos e case familiares cando, en verdade, non se corresponden con (case) nada.

Certamente, todas as súas ficcións revístense dunha aparencia de concreción, pero é puro artificio literario. Onde están, en concreto, as Terras de Miranda? Viu alguén nelas a Merlín e dona Xenebra? E o País de Bolanda, por onde cae? Por que as terras supostamente bretoas do *Sochantre* son tan cuspidas ás norluceses da Mariña ou da Terra Chá?

Máis aínda: como pode ser que no *Merlín* se fale da Revolución Francesa e do ferrocarril igual que do asasinato do Xeneral Prim ou da Bela Otero? E como explicar que en *El año del cometa* comparezan o rei Artur e Xulio César ou o rei David no mesmo plano temporal?

Pois porque son, en puridade, un espellismo, un anacronismo delongado e sistemático, perfectamente deliberado nas mans de Cunqueiro, quen de certo estaba máis interesado en que ficásemos envoltos polo éter dun mundo de esencias intocables e inocencias luminosas que pola perentoria realidade do seu tempo como individuo. E por que? Pois sinxelamente: porque toda a súa obra é o eco ou a sombra do estadio primixenio de luz incontaminada que o ser humano perdeu: a nostalxia do Paraíso.

Segundo a tradición bíblica, Cunqueiro asumía que a viaxe era unha das primeiras e principais consecuencias da expulsión do Paraíso. Viaxamos polo mundo nunha andaina temporalmente finita porque deixamos o Lugar e o Tempo eternos. Somos no éxodo espazo-temporal e, para o mindoniense, o único xeito de recuperar o Paraíso é soñalo, ficcionalizalo nunha escrita que dinamita a lóxica cotiá dos reloxos e dos territorios porque do que se trata é de re-crear o Paraíso na escrita.

E aí está a poderosa forza da literatura do de Mondoñedo: en comprender que o camiño, a vida andada, é a procura, a promesa do reencontro co Paraíso. É dicir que, para Cunqueiro, o que importa é

unha vida desbordante e curiosa, o re-descubrimento do que se perdeu na expulsión do Paraíso; mesmamente, o que nunca o ser humano tería atopado se sempre seguira no *dolce far niente* paradisíaco [...] Como tantas veces, fixo falta un mal para incitarnos a nos descubrir e a recuperar a vida. Cunqueiro personifica esta vida que é a viaxe mítica. (García Devesa 2000: 357)

É neste sentido no que me presta falar do *tránsito estático* na poética cunqueiriana. Unha dislocación espazo-temporal aparente, que, en esencia, remite sempre a un único tempo e lugar máis con roupaxes e disfraces múltiples, que tanto poden adoptar a forma do Oriente do Sinbad coma do País dos Armiños do sochantre, igual o Mediterráneo de Ulises que as itálicas terras de Fanto Fantini, o mesmo dá. Só hai un tempo e un lugar: os do Paraíso; ou sexa, Mondoñedo e os idealizados tempos das damas e dos cabaleiros medievais.

Porque todos os lugares de Cunqueiro son o seu lugar natal, tal como el mesmo confesou:

De una manera o de otra en todos mis libros está un poco Mondoñedo. Todas las ciudades pequeñas de las que hablo son un poco mi ciudad por muy diferentes que sean. Tanto me da que sea una ciudad griega adonde llega Ulises o una ciudad de Bretaña adonde llega el sochantre con las ánimas, todas las ciudades son un poco mi ciudad. (Ricci 1971: 5)

E se Mondoñedo é o lugar do regreso incesante, a Ítaca á que volve o escritor unha e outra vez, necesitado, como Anteo, de tocar a terra do seu ónfalos, Vallibria mandorla, epicentro do todo o seu universo literario, ese territorio ten tamén unha Idade de Ouro da que Cunqueiro ten saudades: o Medievo das cortes galantes, do amor cortés e dos trobadores, unha época áurea que para el resulta un tempo idílico, a mellor *imago* dese Paraíso perdido que, para máis sinais, ten un momento vital preferente: a infancia, adánica remisión ao ámbito do inmaculado, da inocencia e da felicidade alleas a calquera mal (cfr. Martín Franco 2010: 39).

Segundo esta mesma liña interpretativa Morán Fraga defendeu:

Viaxe é a criazón ‘poética’ total de Cunqueiro, desde a primeira novela até a última [...] Toda a traxectoria novelística de Cunqueiro describe unha viaxe do suxeito ‘autorial’, disfrazado de narrador ficcional, e á sua vez de herói novelesco, que busca desesperadamente a Idade Dourada. Desde o inicio sabe da inexistencia da Idade Dourada, e tamén sabe que a realidade crua é todo o contrario dun paraíso. É por iso que inventa o teatro, a farsa, a ficción, a grande mentira literaria. (Morán Fraga 2000: 20)

Así pois, todo na obra do autor acontece nun mesmo non-tempo paradisíaco no que as diferentes épocas da Humanidade conviven. E neste caso fano, amais,

nun espazo camaleonizado en mil figuras que esconden sempre o seu Mondoñedo.

Vistas así, as viaxes das obras de Cunqueiro son perfectamente asíncronas e inmóviles. E baixo esta óptica enténdense de xeito diáfano as excursións ao ultramundo, que no autor non son un efluvio imaxinativo vacuo, senón un tránsito natural entre realidades conectadas: a da parroquia dos vivos e a da parroquia dos mortos, entre as que non ten sentido formular a dicotomía de *real* v. *irreal* porque son todas *reais* ao modo cunqueiriano.

7. Na cauda do cometa

En conclusión: non se pode entender a escrita de Álvaro Cunqueiro sen ter moi presente o concepto de viaxe e como este arquitecturiza toda a súa poética.

Para o mindoniense vivir é viaxar e tanto nas súas ficcións poéticas e narrativas coma no seu xornalismo literario e na súa escrita de guías ou turística as viaxes son unha presenza constante.

Mais a viaxe en Cunqueiro é sempre a modulación aparental dun desprazarse que, no fondo, non fai senón declarar un tránsito estático, unha tentativa constante de regresar á Idade Dourada do nadir absoluto: o Paraíso, que ten como metamorfoses preferentes o medieval e, xaora, o seu Mondoñedo natal.

Porque, como deixou dito o autor nun célebre poema, só volven os que recordan. Mais vólvese porque se está na dimensión eterna do paradisiaco e a lembranza é a activación do ser no lugar da orixe.

Referencias bibliográficas

- García Devesa, Consuelo (2000): «As viaxes extra-vagantes e di-vagantes de Álvaro Cunqueiro», en D. Kremer (coord.), *Un século de estudos galegos. Galicia fóra de Galicia. Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos, Universidad de La Habana, 17 a 21 de abril de 2000*. A Habana: Universidad de La Habana, vol. I, 355-366.
- Ledo Andión, Margarita (1982): «Entrevista inédita do ano 1973», *Coordenadas* 2, 3-8.
- Martín Franco, Belén (2010): *Na procura do paraíso perdido. Viaxes imaxinarias e reais na obra xornalística de Álvaro Cunqueiro*. Lugo: Deputación Provincial.
- Morán Fraga, César (2000): «As viaxes imaxinarias de Álvaro Cunqueiro», *Monfadal* 2, 15-26.

- Requeixo, Armando (2020): «As Bretañas de Cunqueiro», en Ramón Villares / Jean-François Botrel / Christine Rivalan Guégo (eds.), *Galicia-Breña. Olladas comparadas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 267-282.
- Requeixo, Armando (2021): «O *Merlín* de Cunqueiro e outras historias», *Nós*, 21/05/2021.
- Ricci, Giancarlo (1971): «Entrevista a Álvaro Cunqueiro», en *Celtismo e magia nell'opera de Álvaro Cunqueiro*. Perugia: Università di Perugia, 3-9.
- Santidrián, Tomás (1969): «Entrevista a Álvaro Cunqueiro», *Sahara*, 29/10/1969.